XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

**ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE COVELO DO DOMINIO PÚBLICO VIARIO, AGÁS CALZADA E BEIRAVÍAS, DUN TREITO DA ESTRADA PO-261.**

**COMPARECE**

Dunha parte, María Pilar Arias Graña, secretaria xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Juan Pablo Castillo Amigo, na súa condición de alcalde do Concello de Covelo, en representación desta entidade.

**EXPOÑEN**

O Concello de Covelo solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas o cambio de titularidade dun treito intermedio da estrada autonómica PO-261, entre os pp.qq 11+670 e 12+460, así como o treito da estrada PO-261 entre os pp.qq 12+240 e 12+310 da marxe esquerda en todo o que non sexa necesario para a explotación da estrada.

Mediante o Decreto 159/2023, do 21 de decembro, (DOG núm. 5 do 8 de xaneiro de 2024), a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Covelo do dominio público viario, agás calzada e beiravías, que seguirán sendo de titularidade autonómica, do treito da estrada PO-261 entre os seus pp.qq 11+870 ao 12+450 no núcleo urbano de Covelo.

CVE: 1gIFfpFMJ761
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 159/2023, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

**ACORDAN**

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Covelo do dominio público viario (DPV), agás calzada e beiravías, do seguinte treito da estrada PO-261:

| Clave | A transferir | $PQ_i$ | Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29) | $PQ_f$ | Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29) |
|---|---|---|---|---|---|
| PO-261 | DPV no núcleo urbano de Covelo (agás calzada e beiravías) | 11+870 | x=552.493 y=4.675.511 | 12+450 | x=552.818 y=4.675.741 |

E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

*A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , a Secretaria Xeral, María Pilar Arias Graña*

*O alcalde do Concello de Covelo, Juan Pablo Castillo Amigo*

**ANEXO I . PLANOS**

CVE: 1gIFfpFMJ761
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve




| Nº | PK | UTM X | UTM Y |
|---|---|---|---|
| 1 | P.K. 11+870 | 552.493 | 4.675.511 |
| 2 | P.K. 12+450 | 552.818 | 4.675.741 |

| CLAVE | Superficie DPV a transferi | Área (m2) |
|---|---|---|
| PO-261 | Pks 11+870 a 12+450 MD | 2.347 |
| PO-261 | Pks 11+870 a 12+450 ME | 3.473 |

**Transferencia superficie de DPV en Covelo da PO-261, Pks 11+870 a 12+450, agás calzada e beiravías.**

- Superficie do DPV obxecto de transferencia ao Concello (deslinde SP-PO)
- PPKK
- Líña de expropiación orientativa tras a transferencia (SP-PO)
- Eixo viario transferido anteriormente ao Concello
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico

1:1.000

UTM ETRS89 huso29

PNOA Xuño 2020 © INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

CVE: 1glFfpFMJ761
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve




| Nº | PK | UTM X | UTM Y |
|---|---|---|---|
| 1 | P.K. 11+870 | 552.493 | 4.675.511 |
| 2 | P.K. 12+450 | 552.818 | 4.675.741 |

| CLAVE | Superficie DPV a transferi | Área (m2) |
|---|---|---|
| PO-261 | Pks 11+870 a 12+450 MD | 2.347 |
| PO-261 | Pks 11+870 a 12+450 ME | 3.473 |

**Transferencia superficie de DPV en Covelo da PO-261, Pks 11+870 a 12+450, agás calzada e beiravías.**

- Superficie do DPV obxecto de transferencia ao Concello (deslinde SP-PO)
- PPKK
- Líña de expropiación orientativa tras a transferencia (SP-PO)
- Eixo viario transferido anteriormente ao Concello
- Superficie do DPV do treito antigo transferido o 05/03/2008 ao Concello de Covelo
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico

UTM ETRS89 huso29

PNOA Xuño 2020 © INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

CVE: 1glFfpFMJ761
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve




**Asinado por:** ARIAS GRAÑA, MARÍA PILAR
**Cargo:** Secretaria Xeral Técnica
**Data e hora:** 02/02/2024 14:39:15

**Asinado por:** CASTILLO JUAN PABLO, JUAN PABLO
**Cargo:** Alcalde Concello de Covelo (CONCELLO DE COVELO)
**Data e hora:** 02/02/2024 08:45:52

CVE: 1glFfpFMJ761
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

UTM ETRS89 huso29

PNOA Xuño 2020 © INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA